

## ARTE

# O literario na obra pictórica de Manuel Prego de Oliver

En calquera das series deste pintor percíbese a grandeza da sinxeleza, da soidade do obxecto ante a inmensidade duns contornos suxestivos bañados en brétemas

FÁTIMA OTERO • SANTIAGO

Non é casualidade que a Fundación Gonzalo Torrente Ballester, tras abrir as súas salas este mesmo ano en Compostela o importante legado cultural dun dos máis destacados escritores españois nado en Ferrol, se sitúe na emblemática rúa do Vilar. A cidade sabiamente recreada en *Fragments de Apocalipsis*, pasa a converterse nunha imaxinada Villasanta de la Estrela, por polas rúas e contornos da cal se suceden acontecementos e pululan xentes que o torrentino distorsiona con certo humor e dose crítica nun enredo e visión un tanto espectral.

A exposición que estes días se ofrece ó público, na que exerce o comisariado a crítica de Arte Mercedes Rozas, dedícase a un dos nosos máis destacados pintores do século XX, Manuel Prego Oliver (Ourense, 1915-1986). Precisamente por ter moitas afinidades co coñecido escritor: amor apaixonado a esta a nosa Galicia, sempre rica en matices, e ós seus habitantes, ademais dunha amizade compartida en amenos faladoiros ós que tamén acudían destacados intelectuais que enriqueceron, durante décadas, o panorama cultural galego. A simbiose na obra de Prego entre a pintura e a literatura remóntase a antigas recomendacións dos clásicos. Xa Alberti, no século XV, advertía da conveniencia de que o pintor coñecese a escritores e poetas como camiño para lle proporcionar ideas interesantes. Así mesmo Dolce insinuaba ós poetas aprender dos pintores. De feito, segundo xuízo de Torrente, á pintura de Prego pódese chamar literatura.

O literario estreita a súa unión ó pictórico a través de



'As peras', bodegón de Manuel Prego de Oliver

sabias frases que apoian a pintura, xeitosamente seleccionadas de escritores como Gonzalo Torrente, Álvaro Cunqueiro, Carlos Casares, Ramón Farello ou Carmen Laforet. O labor de ilustrador de libros únese outra que incide en típicos asuntos preguianos: esmoleiros, nenos, anciáns, maternidades, lavadeiras, bodegóns e paisaxes que o artista repetiu incansablemente en prol de

conseguir a obra perfecta.

Cézanne pintou a montaña Sainte-Victoire, máis de 60 veces. Na obra do galego os resultados poden parecer monótonos pero afondando resultan, cada un deles, singulares na súa individualidade por ser captados nese intre irrepitible e pasaxeiro capaz de ofrecer milleiros de vibracións a unha sensibilidade como a de Prego.

O pintor ourensán traballa

sobre a existencia, de aí que retrate o ser humano. Tras esos rostros que aparecen na súa obra percíbese unha vontade totalmente individualizadora que afonda na psicoloxía do retratado, curiosamente en debuxos moitas veces rápidos. Sabiamente captada a ollada perdida de Castelao ou o estudo de Torrente Ballester en actitude de escribir, no emblemático café Monterrey de Baiona, ante non xa a vertice dunha cuartilla branca, senón ante todo o peso de profundos coñecementos descargados sobre o papel. A imaxe xeral preséntase como pulada polo paso do tempo que vernizou ata a ollada cansa da proveitosa vida consagrada á escritura.

En calquera das súas series percíbese a grandeza da sinxeleza, da soidade do obxecto ante a inmensidade duns contornos suxestivos bañados en brétemas conferidoras de maior misterio e poder lembrador. Un bodegón como *As peras* fai contrastar a un primeiro plano de esquema un tanto xeométrico un fondo totalmente desconfigurado, premonitorio de correntes artísticas afíns á abstracción. En palabras de José Hierro a súa pintura "ó servizo da emoción que producen as cousas, mesmo as máis sinxelas, como pode ser o pan de centeo, unhas froitas e unha canca de viño". Pintura e escritura rivalizaron por se superar mutuamente. A presente convocatoria empata e axusta o traballo do pintor con tons, texturas e liñas, como metáforas das cousas, xa que falan por elas coa brillantez do escritor con suxeiras que dan firmeza e valoran o traballo pictórico. Ambos os dous, dous xenios da Galicia de sempre, conseguiron eternizar o milagre da vida.

## CINE

## Media hora sen chispa de humor que empeora un mal atraco

MIGUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO

### ATRACO A LAS 3... Y MEDIA

Director: Raúl Marchand  
Intérpretes: Iñaki Miramón, Josema Yuste, Joseph Julien, Cristina Solá, Manuel Millán, Elsa Pataki

Atraco a las tres, igual que outras comedias con atraco como sustento e de grande éxito gracias a que estaban propulsadas pola humanidade e tenrura dos protagonistas, conseguía encadear risas detrás de cada situación a cada paso máis absurda e descerebrada. *Atraco a las 3... y media*, coma se regresáramos ás españoladas máis rancias, dá mágoa vela: desordenada, sen ritmo, sen gracia, vulgar, adobiada de sexo reprimido, sen enxeño, agúntase con dificultade.

A actualización que se pretende esgotase en chistes fáciles; a música coa que se envolve, inapropiada, machacona, insistente, pésimas, interfíre como un moscón atravesado nunha sesta de verán; a restra de actores, coma de chourizos, vai aparecendo con desgana, sen consistencia, distantes do papel, incrédulos sobre o que realizan; o resultado final é ramplón, simple, insubstancial, cru, pobre, sen chispa de humor. Desde a motivación para o atraco, pasando pola presentación de cada un dos estereotipos máis sobados sobre os oficinistas bancarios (o director quenlla alemán, o director paternal español e velliño, o interventor lambecú que vende á muller por medrar, a secretaria putona, o caixeiro frustrado e reprimido, o "segurata" pasmón, etc.), todo se pecha nun enredo torpe salteado con anacos de fotos de revista de sexo para adolescentes pouco aleutos.

Para que este refrido acabase ulindo máis a aceite requente, da extensa nómina de actores sobresaen algúns do estilo de Josema Yuste ou Pedro Reyes, que nunca se reconverterán ó estilo Alfredo Landa ou José L. López Vázquez, por máis que un andase detrás da veciña do quinto ou fose o Pepe que emigraba a Alemaña e o outro andase cos ollos coma pratos detrás do cu das sucas. Porque se os Landa e Vázquez, por obrigas da época, estiveron constrinxidos en papeis tan pobres coma imbéiles, co tempo demostraron a súa capacidade, algo pechado para actuais cómicos da nada. Esta produción, como está a ocorrer noutros ordes da vida, retrotráenos a anos escuros, vulgares, zafios, de represión, moito mellor esquecidos de non ser co ánimo de aprender para non caer outra vez neles.

A DEPUTACIÓN DE OURENSE

COA NOSA

CULTURA



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DE OURENSE



CENTRO CULTURAL  
DEPUTACIÓN OURENSE



REAL BRADO DE OURENSE  
MONTAÑAS GALEGAS



XORRADAS  
FOLCLORE



ORRADOIRO  
DE INSTRUMENTOS

ESCOLA DE  
ARTES E OFICIOS

Biblioteca